

## **Resolución do 2 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se convocan premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.**

A capacidade de innovar é fundamental, especialmente nun mundo en constante evolución, para afrontar desafíos complexos e atopar solucións creativas que impacten de maneira positiva na sociedade, na economía e no medio ambiente. A innovación non só transforma industrias e servizos, senón que tamén cataliza o desenvolvemento sostible, contribuíndo á construción dun futuro máis prometedor e resiliente.

Neste contexto, a Formación Profesional está chamada a ter un papel cada vez máis relevante pois non só prepara ás persoas para o mundo laboral, senón que tamén lles inculca unha mentalidade innovadora e emprendedora. A Formación Profesional fomenta a creatividade, o pensamento crítico e a capacidade para resolver problemas, habilidades que son esenciais tanto para a innovación como para o emprendemento.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, inclúe no seu preámbulo como principio fundamental a necesidade de que todos os compoñentes da comunidade educativa colaboren para conseguir unha educación de calidade, o que esixe o esforzo compartido por parte do alumnado, o profesorado, as familias, os centros docentes e as administracións educativas. No artigo 1 establece como un dos principios da educación o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa. Ademais, no artigo 102.3, modificado pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, afirma que ás administracións educativas lles corresponde fomentar programas de investigación e innovación, impulsando o traballo colaborativo e as redes profesionais e de centros para o fomento da formación, a autoavaliación e a mellora da actividade docente.

A Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, establece, no seu título VIII –Innovación, investigación aplicada e emprendemento–, que as administracións públicas propiciarán, no ámbito das súas competencias, a participación dos centros de Formación Profesional, xunto con outros centros e empresas ou organismos similares da súa contorna, en proxectos de innovación e investigación aplicada para a súa conversión en recursos de innovación do sector produtivo e promotores da creación de centros tecnolóxicos.

O Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, establece no artigo 211 que os centros do Sistema de Formación Profesional deberán abordar a formación en innovación tecnolóxica, en transformación dixital, tecnoloxía inmersiva e en metodoloxías avanzadas de aprendizaxe, promovidos polas administracións competentes e dende os propios centros, xerando así un contexto innovador.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da Formación Profesional do sistema educativo de Galicia, na disposición adicional segunda, indica que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración con empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes, e establece como unha das finalidades desta colaboración o desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación.

A Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030 ten como un dos seus principios inspiradores a colaboración público-privada, destacando dentro dos seus eixos a innovación, a dixitalización, e o emprendemento, e establecendo obxectivos claros como son o impulso da innovación aplicada na Formación Profesional, o desenvolvemento de iniciativas de emprendemento en colaboración co tecido produtivo galego e o apoio ás iniciativas emprendedoras nos centros de Formación Profesional. A estratexia tamén inclúe a



orientación profesional e a difusión das oportunidades, articulada en dúas liñas de traballo: por unha banda, a orientación á cidadanía para o deseño de itinerarios personalizados de formación para o emprego e, por outra, a promoción das oportunidades de formación, adquisición de competencias e recoñecemento destas.

Nesta estratexia enmárcase o Plan Conecta FP Galicia, que ten entre os seus obxectivos intensificar a colaboración público-privada coa finalidade de deseñar e planificar unha oferta de formación profesional que responda á rápida evolución do sector produtivo e á necesidade de formar profesionais capacitación adecuada para facer fronte ao importante relevo xeracional que se está a producir.

O Plan Innova FP Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 23 de marzo de 2023, contempla unha serie de actuacións destinadas a impulsar a innovación, a investigación aplicada e o emprendemento na Formación Profesional galega. Un dos seus aspectos clave é o fortalecemento da colaboración co tecido produtivo galego co obxectivo de fomentar a innovación e o emprendemento industrial na Formación Profesional.

A innovación na Formación Profesional e o fomento da relación entre os centros educativos e as empresas permitirá a transformación do coñecemento e da creatividade en produtos e servizos que se integren no mercado, incrementando a competitividade das nosas empresas algo se cabe máis relevante nun contexto como o actual.

Neste sentido, o Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros actúa como referencia para o tecido produtivo e a sociedade galega, demostrando as posibilidades de innovación e colaboración entre os ámbitos educativo-formativo e produtivo para o desenvolvemento de novas capacidades nas empresas de Galicia. Aproveita o capital humano e a experiencia dos centros galegos de Formación Profesional e, á vez, potencia as capacidades da Rede de centros de Formación Profesional de Galicia, facilitando o desenvolvemento empresarial das innovacións que xorden neles.

O Plan FPGal360 de Orientación profesional integral, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 17 de xuño de 2024, pretende establecer un sistema integral de orientación profesional que guíe e acompañe á cidadanía na súa toma de decisións educativas e profesionais desde idades temperás e ao longo de toda a vida.

O 8 de abril de 2022 o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan galego de investigación e innovación 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a tres prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

En consecuencia, a presente convocatoria enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico acadar un ecosistema máis integrado, aunando as capacidades e esforzos desde as entidades xeradoras de coñecemento para facilitar a colaboración entre elas, así como a transferencia ao tecido empresarial (obxectivo estratéxico 1), integrándose polo tanto no programa Integra.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral,

RESOLVE:



## Artigo 1. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto convocar premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Preténdese potenciar as iniciativas innovadoras, o traballo colaborativo e a transferencia de coñecemento entre centros educativos, empresas e/ou outras entidades, procurando a calidade e a excelencia na Formación Profesional, así como o fomento do emprendemento.

## Artigo 2. Modalidades

Os proxectos adecuaranse a algunha das seguintes modalidades:

### 1. Modalidade A: Innovación tecnolóxica ou científica

Estes proxectos terán como obxectivo a xeración de innovación tecnolóxica ou científica, que redunde na mellora de procesos de produción e/ou de prestación de servizos. Estarán orientados a impulsar a transferencia tecnolóxica entre os centros educativos e o contorno produtivo, promovendo o desenvolvemento de prototipos e de novos produtos, procesos e servizos. Ademais, estes proxectos deberán ter unha incidencia significativa na futura inserción laboral do alumnado e na súa empregabilidade, favorecendo a aparición de oportunidades laborais a través de iniciativas de emprendemento.

### 2. Modalidade B: Innovación didáctica

Nesta modalidade inclúense proxectos que teñan como obxectivo a creación de materiais ou recursos didácticos que supoñan unha clara innovación nalgunha das familias profesionais. Estarán orientados á introdución e á aprendizaxe de novos contidos, tecnoloxías avanzadas, e instrumental ou maquinaria na aula ou no taller, favorecendo o desenvolvemento de entornos virtuais de aprendizaxe, potenciando o deseño de materiais didácticos innovadores, o deseño de prototipos ou simuladores, laboratorios para prácticas ou maquetas, etc. Ademais, eses materiais deben ser doadamente trasladables a outros centros educativos onde se impartan as ensinanzas para as que foron deseñados.

### 3. Modalidade C: Innovación na orientación profesional

Esta modalidade ten como obxectivo desenvolver proxectos de orientación profesional innovadores, centrados nas necesidades reais do mercado laboral e adaptados ás capacidades e aspiracións do alumnado, que incidan na redución do abandono escolar. A través de ferramentas e recursos novidosos, apoiarán ao alumnado na definición de itinerarios formativos e profesionais, na adquisición de competencias clave e na exploración de oportunidades laborais e emprendedoras. Ademais, estes proxectos deberán ser doadamente adaptables e transferibles a outros centros educativos, ampliando o seu impacto formativo e facilitando a colaboración con entidades e empresas locais.

## Artigo 3. Candidaturas

1. A solicitude será presentada por un centro público dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que durante o curso 2024-2025 imparta ensinanzas de Formación Profesional. O centro solicitante actuará como centro coordinador do proxecto.



2. O proxecto ten que ser colaborativo e contar cun mínimo de dous participantes. Deberán figurar como socios outros centros educativos de Formación Profesional, escolas de arte e superiores de deseño, entidades ou empresas, a nivel autonómico. Non obstante, unicamente poderán recibir financiación a través desta convocatoria os centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
3. Un centro poderá participar en máis dun proxecto, sempre que os obxectivos de cada proxecto, os centros, as entidades e as empresas participantes non sexan os mesmos.
4. Un/unha docente do centro solicitante asumirá as funcións de coordinador/a do proxecto, co fin de asegurar o contacto e a comunicación regulares entre os/as participantes, promover unha colaboración eficaz e facilitar a distribución e a realización do traballo en equipo. Encargarase, ademais, da elaboración da documentación de seguimento do proxecto en caso de ser requirida, así como da preparación da memoria final do mesmo.
5. No resto de centros, empresas ou entidades participantes existirá unha persoa interlocutora ou responsable. No caso dos centros educativos, a persoa responsable será un/unha docente do centro.

#### Artigo 4. Documentación

Para participar nesta convocatoria será necesario que o centro educativo coordinador presente unha solicitude por cada proxecto que coordine, que deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1. Instancia de solicitude (Anexo I).
2. Descrición do proxecto, segundo as epígrafes do Anexo II. A extensión máxima será de 15 páxinas, en formato DIN A4, letra Arial en tamaño 12 puntos, con texto xustificado e entreliñado de 1,5 liñas, e poderá incluír material gráfico. Os proxectos deberán estar redactados en galego.
3. Orzamento do proxecto (Anexo III), no que se detallará:
  - a. Orzamento total do proxecto, que non superará os 50.000,00 € (cincuenta mil euros) na modalidade A, os 30.000,00 € (trinta mil euros) na modalidade B, nin os 15.000 € (quinze mil euros) na modalidade C.
  - b. Orzamento individual para cada centro educativo, no que se inclúan o detalle dos gastos para as actividades previstas.
4. Autorización da dirección de cada centro educativo para a participación do profesorado implicado no proxecto (Anexo IV).
5. Compromiso formal de participación no proxecto por parte das persoas representantes das empresas ou entidades que figuren na solicitude, así como a descrición concreta da achega que realicen (Anexo V). A participación da empresa debe contemplarse como copartícipe no desenvolvemento dun produto ou servizo innovador, non como mera provedora dun produto ou servizo.

#### Artigo 5. Prazo e forma de presentación

1. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 24 de xaneiro de 2025, inclusive.
2. O centro educativo dirixirá a solicitude á Dirección Xeral de Formación Profesional na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario



correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>). Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación ao correo electrónico [fpinnova@edu.xunta.gal](mailto:fpinnova@edu.xunta.gal) nos prazos establecidos para a presentación.

3. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicárase na páxina web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.gal>) a listaxe provisional de proxectos presentados a esta convocatoria, con indicación das solicitudes admitidas e excluídas, xunto cos motivos de exclusión.

Os centros educativos disporán dun prazo de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta listaxe, para presentar reclamacións, emendar erros ou completar a documentación da súa solicitude. De non facelo, daranse por desistidos da súa solicitude.

#### Artigo 6. Comisión de selección

1. A comisión de selección estará integrada polos seguintes membros:
  - A subdirectora xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo ou persoa en quen delegue, que actuará como presidenta.
  - A directora do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros, que actuará como vogal.
  - Tres vogais máis con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou membro da inspección educativa.
  - Unha persoa asesora da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo que actuará como secretario/a con voz pero sen voto.
2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos aspectos técnicos que se lle encomenden.

#### Artigo 7. Criterios de valoración

Para a valoración dos proxectos teranse en conta os seguintes criterios:

1. Criterios comúns ás dúas modalidades: ata un máximo de 60 puntos.
  - a) Carácter innovador e relevancia do proxecto no ámbito da Formación Profesional (30 puntos).
  - b) Viabilidade e coherencia da proposta: adecuación dos obxectivos a algunha das modalidades, metodoloxía a empregar, temporalización, organización e utilización dos recursos humanos e materiais, e coherencia entre o orzamento e os resultados esperados (10 puntos).
  - c) Participación activa doutros centros educativos, empresas ou entidades con capacidade innovadora (5 puntos).



- d) Participación activa do alumnado do centro educativo: relevancia do proxecto na formación do alumnado e na incorporación de valores que favorezan a igualdade de xénero (5 puntos).
  - e) Mellora da empregabilidade do alumnado a partir da realización do proxecto (5 puntos).
  - f) Plan de avaliación do proxecto. Resultados previstos. Indicadores. Nivel de concreción para a difusión dos resultados e dos logros (5 puntos).
2. Criterios específicos para os proxectos presentados á modalidade A: ata un máximo de 40 puntos.
- a) Nivel de impacto previsible dos resultados do proxecto no contorno produtivo, con especial énfase na súa capacidade para dar resposta aos retos das empresas. Valoraranse especialmente aqueles proxectos susceptibles de ser continuados desde o Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros (20 puntos).
  - b) Apertura de oportunidades laborais para o alumnado implicado a través de iniciativas de emprendemento derivadas do proxecto. Valorarase que o proxecto conte cun plan de empresa para a posta en marcha destas iniciativas nalgún dos viveiros que compoñen a Rede galega de viveiros de empresas en centros educativos ou na área de emprendemento industrial do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros (10 puntos).
  - c) Posibilidade de transferencia dos resultados do proxecto aos sectores produtivos (10 puntos).
3. Criterios específicos para os proxectos presentados á modalidade B: ata un máximo de 40 puntos.
- a) Relevancia do proxecto na mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe (20 puntos).
  - b) Nivel de concreción dos recursos educativos ou materiais didácticos que se espere obter como resultados do proxecto: maquetas, adestradores didácticos, manuais de prácticas, unidades didácticas, libros dixitais, aplicacións de software, material audiovisual, sitios web, etc. (10 puntos).
  - c) Posibilidade de transferencia dos resultados do proxecto a outros centros de Formación Profesional (10 puntos).
4. Criterios específicos para os proxectos presentados á modalidade C: ata un máximo de 40 puntos.
- a) Relevancia do proxecto na mellora da orientación vocacional e profesional (20 puntos).
  - b) Nivel de concreción das ferramentas e recursos desenvolvidos: guías de orientación, actividades prácticas, plataformas dixitais, material audiovisual, infografías, etc. (10 puntos).
  - c) Posibilidade de transferencia dos resultados do proxecto a outros centros de Formación Profesional (10 puntos).

### Artigo 8. Resolución

1. Unha vez rematado o prazo de emenda, a comisión de selección avaliará os proxectos admitidos no procedemento, segundo os criterios establecidos no artigo 7, e realizará unha proposta provisional de concesión de premios, na que se incluírán os proxectos seleccionados e o importe do premio asignado a cada un deles. O importe concedido poderá ser inferior ao orzamento presentado naqueles casos nos que a comisión de





selección considere que o proxecto pode ser executado nos mesmos termos a pesar da minoración.

2. A resolución provisional de concesión de premios publicarase na páxina web Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.gal>). Os centros educativos disporán dun prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ao desta publicación para interpor reclamacións ou renuncias ante a presidencia da comisión de selección. Transcorrido este prazo, e unha vez estudadas e, de ser o caso, atendidas ditas reclamacións e renuncias, a comisión de selección emitirá unha proposta definitiva de concesión de premios que elevará á persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional, quen ditará resolución.
3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.gal>), de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### Artigo 9. Dotación orzamentaria

1. O importe total destinado para esta convocatoria será de 1.000.000 € (un millón de euros) con cargo aos orzamentos de 2025 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Deste importe, 700.000 € (setecentos mil euros) serán con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.422M.640.15 e irán destinados a financiar o desenvolvemento dos proxectos premiados na modalidade A, mentres que os 300.000 € (trescentos mil euros) restantes serán con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.422M.640.12 e irán destinados a financiar o desenvolvemento dos proxectos premiados nas modalidades B e C. Esta convocatoria tramítase por tramitación anticipada de gasto, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, conforme ao proxecto de Lei de Orzamentos para o exercicio 2025, que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 17 de outubro de 2024, e ao abeiro do establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.
2. As tres modalidades terán os importes e a distribución seguintes:

Modalidade	Dotación económica
Modalidade A	700.000 € (setecentos mil euros)
Modalidade B	210.000 € (douscentos dez mil euros)
Modalidade C	90.000 € (noventa mil euros)

3. Por acordo motivado da comisión de selección poderase modificar a distribución das modalidades B e C, mantendo sempre o importe total destinado ás mesmas.
4. Esta convocatoria está cofinanciada polo *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes* dentro da actuación *Calidad en el sistema de Formación Profesional (CALIDAD 2024)*.



### Artigo 10. Pagamento

1. O importe do premio será transferido ao centro coordinador nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2025.
2. O centro coordinador, á súa vez, será o encargado de transferir ao resto de centros educativos participantes a contía que lles corresponda. No caso de que o importe do premio sexa inferior ao orzamento total presentado coa solicitude, as contías indicadas no orzamento para cada un dos centros educativos participantes veranse reducidas na mesma porcentaxe.
3. Os centros xustificarán os pagamentos do importe do premio de acordo co establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo (DOG do 4 de abril), polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica nos centros docentes públicos non universitarios. O importe dos premios terá a consideración de partida finalista e, polo tanto, requirirá dunha xustificación individual na que se farán constar os ingresos e os gastos.
4. Os gastos terán que estar executados e pagados na súa totalidade antes do 31 de decembro de 2025.

### Artigo 11. Desenvolvemento e xustificación

1. Os proxectos seleccionados deberán executarse durante o ano 2025.
2. O Centro Galego de Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros, desde o seu papel como impulsor da innovación, o desenvolvemento e a investigación aplicada no ámbito da Formación Profesional, poderá colaborar na coordinación e desenvolvemento dos proxectos premiados.
3. A Dirección Xeral de Formación Profesional realizará o seguimento dos proxectos mediante visitas aos centros educativos polo persoal que determine, podendo solicitar informes adicionais se o considera oportuno.
4. O centro coordinador remitirá á Dirección Xeral de Formación Profesional, antes do 31 de marzo de 2026 a memoria final do proxecto coas epígrafes que se indican no Anexo VI, asinada polo/a director/a do centro.

Para a súa entrega habilitarase un espazo de coordinación do programa na Plataforma de Teleformación de Galicia (PLATEGA).

5. A non entrega da memoria final do proxecto no prazo indicado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debéndose proceder ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan exixir.

### Artigo 12. Gastos elixibles

Unicamente terán a consideración de gastos elixibles aqueles que estean directamente relacionados co desenvolvemento dos proxectos de innovación e sexan necesarios para a realización dos mesmos.

Poderán ser subvencionados con cargo ao importe recibido os seguintes gastos:

- Gastos de adquisición de bens funxibles, é dicir, artigos de consumo xeral que non poden ser reutilizados.





- Gastos de reparacións, mantemento e conservación de inmovilizado material, sempre que non aumenten o valor do inmovilizado.
- Gastos de aluguer de bens mobles ou inmoebles, sen opción de compra.
- Gastos de contratación de primas de seguro.
- Gastos de desprazamento e dietas das persoas participantes.
- Gastos de contratación de servizos externos imprescindibles para a execución do proxecto.
- Gastos de adquisición ou desenvolvemento de aplicacións informáticas cando a súa vida útil sexa inferior a un ano.

Non serán subvencionables, en particular, os seguintes gastos:

- Gastos de execución de obras.
- Gastos de adquisición de mobiliario.
- Gastos de adquisición de equipamentos.
- Gastos de adquisición de hardware informático independentemente do seu coste unitario (CPU, monitor, escáner multifunción, impresora, ordenador portátil, discos duros, tabletas, etc.)
- Gastos de formación.

### Artigo 13. Formación asociada

1. Os proxectos financiados a través desta convocatoria non levarán formación asociada e, polo tanto, non se poderá incluír no orzamento unha partida económica destinada a tal fin.
2. De ser necesaria, dita formación deberá solicitarse a través da convocatoria de proxectos de formación para profesorado de Formación Profesional en centros educativos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

### Artigo 14. Obrigas dos centros educativos

Os centros seleccionados comprométense a:

1. Desenvolver todas as actuacións incluídas no proxecto dentro do prazo establecido.
2. Participar nas accións de difusión e publicación das experiencias que se organicen, especialmente nos eventos relacionados coa innovación na Formación Profesional.
3. Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración da convocatoria no marco da avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i.
4. Cumprir coas obrigacións de información, comunicación e visibilidade derivadas da cofinanciación deste convocatoria polo *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes* dentro da actuación *Calidad en el sistema de Formación Profesional (CALIDAD 2024)*, que se indican a continuación:
  - As publicacións impresas ou electrónicas e notificacións feitas por calquera medio conterán o logo institucional do *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes*.



- As actuacións de comunicación, convocatoria, publicidade, resolución e notificación derivadas da achega do Estado a este programa cumprirán os requisitos de publicidade, segundo os cales en todas as actuacións que se deriven dos instrumentos contractuais ou convencionais realizados con calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, inserirase a imaxe institucional, que ha de incluír sempre o Escudo de España e a denominación do Ministerio, tal como se establece no Real Decreto 1465/1999, do 17 de setembro, polo que se establecen criterios de imaxe institucional e regúlase a produción documental e o material impreso da Administración Xeral do Estado e, na Resolución do 21 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se actualiza o Manual de Imaxe Institucional, adaptándoo á nova estrutura de departamentos ministeriais da Administración Xeral do Estado.
- Establecerase un mecanismo de identificación das facturas ou documentos orixinais do gasto (mediante selo ou outro medio similar) de forma que figure a súa condición de "Gasto cofinanciado polo *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes*".
- Así mesmo, deberase incluír unha placa publicitaria que cumpra cos requisitos de publicidade citados nos parágrafos anteriores e que indique que se trata dunha acción cofinanciada polo *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes* no marco da actuación *Calidad en el sistema de Formación Profesional (CALIDAD 2024)*.

### Artigo 15. Xestión dos desenvolvementos xurdidos

1. Os desenvolvementos xurdidos ao abeiro desta convocatoria estarán suxeitos á aplicación da normativa que regule a protección, explotación e transferencia da propiedade industrial e intelectual no ámbito da Formación Profesional de Galicia.
2. Os devanditos desenvolvementos quedarán á disposición da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para a súa posible incubación, aceleración e consolidación como proxectos de emprendemento industrial.

### Artigo 16. Certificación

O profesorado participante nos proxectos premiados nesta convocatoria recibirá unha certificación de premio de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para o docente coordinador e 20 horas para o profesorado participante.

### Artigo 17. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e dos contidos da Carpeta cidadá.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.



3. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento.
4. Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.
5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

M<sup>a</sup> Eugenia Pérez Fernández

A directora xeral de Formación Profesional

